

TORNEO NORTE – SUR

Tempada 2024/25. Circular 24-16.

1. Organización, fecha e sede

1. Celebrarase a nivel autonómico nunha xornada de dobre sesión.
2. A datas e lugar de celebración será a establecida no calendario de natación.
3. As sesións de mañá comezarán ás 10:00 horas e as da tarde ás 17:00 horas.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes dúas horas antes do comezo de cada sesión e media hora despois da súa finalización. Os nadadores teñen dereito a quentar ata 15 minutos antes do comezo da sesión.
5. Disputarase con cronometraxe electrónico.

2. Programa de probas

Sesión de mañá	Sesión de tarde
1. 4x50 m Estilos mixto 2. 1500 m Libre Feminino 3. 1500 m Libre Masculino 4. 100 m Estilos Feminino* 5. 100 m Estilos Masculino* 6. 200 m Braza Feminino 7. 200 m Braza Masculino 8. 100 m Costas Feminino 9. 100 m Costas Masculino 10. 200 m Libre Feminino 11. 200 m Libre Masculino 12. 100 m Bolboreta Feminino 13. 100 m Bolboreta Masculino 14. Skins race Braza Feminino** 15. Skins race Braza Masculino** 16. 400 m Estilos Feminino*** 17. 400 m Estilos Masculino*** 18. Skins race Libre Feminino** 19. Skins race Libre Masculino** 10 minutos de descanso 20. 4x100 m Libre mixto	21. 4x50 m Libre mixto 22. 800 m Libre Masculino 23. 800 m Libre Feminino 24. Skins race Costas Masculino** 25. Skins race Costas Feminino** 26. 100 m Braza Masculino 27. 100 m Braza Feminino 28. 200 m Bolboreta Masculino 29. 200 m Bolboreta Feminino 30. 400 m Libre Masculino 31. 400 m Libre Feminino 32. 200 m Costas Masculino 33. 200 m Costas Feminino 34. Skins race Bolboreta Masculino** 35. Skins race Bolboreta Feminino** 36. 200 m Estilos Masculino*** 37. 200 m Estilos Feminino*** 38. 100 m Libre Masculino 39. 100 m Libre Feminino 10 minutos de descanso 40. 4x100 m Estilos mixto
* Se se celebra nunha piscina de 50 metros, esta proba non se celebraría. ** 3 nadadores de cada equipo: 2 eliminatorias e unha final de 50 m, con saída cada 3 minutos. Os 2 últimos nadadores son eliminados de cada manga e celébrase unha final cos 2 últimos nadadores. Para o posto definitivo da proba é imprescindible a superación da eliminatoria se remata na mesma eliminatoria, o posto está determinado polo tempo. *** A orde dos estilos coñecerase 15 minutos antes do inicio sesión correspondente mediante sorteo.	

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Masculina. Nacidos no ano 2009 e anteriores.
 - b) Feminina. Nacidas no ano 2009 e anteriores.
2. Poderán participar os 20 mellores nadadores e nadadoras dos clubs de cada zona (Norte: Coruña-Lugo, e Sur: Ourense e Pontevedra). Para iso terase en conta a suma das tres mellores puntuacións FINA das probas nadadas no Campionato Galego Absoluto de Inverno. Unha vez publicada a lista seleccionada, os nadadores deberán confirmar a súa intención de participar. No caso de renuncia dalgún deles, convocarase o seguinte da lista.
3. Cada nadador poderá participar nun máximo de tres probas individuais e todas as remudas. Poderanse nadar un máximo de dúas probas individuais por sesión. A selección que incorra nesta falta será sancionada coa perda de puntos en cada proba de exceso.
4. Cada Selección poderá inscribir un máximo de tres nadadores por proba.
5. Cada Selección poderá inscribir tres equipos de relevos por proba.
6. Admitiranse baixas, cambios de nadadores e composicións de remudas até 60 minutos antes do inicio da sesión. Os cambios de nadadores realizaranse previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club inscrito na proba. O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas na mesma sesión.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscricións e remitirase á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera. Xunto co dito rexistro, enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.
2. As inscricións para o campionato deberán ser recibidas pola FEGAN con 15 días de antelación ao comezo da competición, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que a recibiu a FEGAN.

5. Fórmula de competición

1. Todas as probas celebraranse contra o reloxo.
2. A puntuación nas probas individuais será: 7, 5, 4, 3, 2, 1 se é en seis estaxes e 10, 8, 7, 5, 4, 3, 2, 1 se é en oito estaxes.
3. A puntuación nas probas de relevos será: 14, 10, 8, 6, 4, 2 se é en seis estaxes e 20, 16, 14, 10, 8, 6, 4, 2 se é en oito estaxes.
4. En caso de empate terase en conta o número de primeiros, segundos, terceiros...postos.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:
 - a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas máis a metade dos

puntos das probas de remudas mixtas.

- b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas máis a metade dos puntos das probas de remudas mixtas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina.

A Selección que obteña maior puntuación proclamarase Campioa do Torneo Norte-Sur.

7. Títulos e premios

- 1. Entregarase un trofeo a Selección Campioa do Torneo Norte-Sur.

8. Marcas Mínimas

- 1. Non se establecen mínimas para participar no Torneo.

A Coruña, xullo 2024.